



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

1.- No Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e se determinan as súas competencias, modificado polo Decreto 11/2015, de 5 de febreiro, atribúese entre outras, o Rexistro Xeral de Academias de Galicia, de acordo co establecido no Decreto 392/2003, de 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia.

Por Decreto 373/2003, de 16 de outubro, adscribíase a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación (AGXL) á extinta consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, actual Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

2.- **Antecedentes:** A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos contribuír á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados asinouse coa Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de maio de 2016 ata o 30 de decembro de 2016.

4.- O convenio ten por obxecto fixar un marco de actuación que defina os compromisos de financiamento que asume a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na contribución aos gastos derivados das actividades que realiza a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e que a citada institución poida continuar desenvolvendo os seus traballos.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación ten por cometido principal o fomento da cultura e investigación, está especialmente dedicada ao estudo do Dereito e, particularmente,





do dereito galego, participando activamente na organización de xornadas xurídicas, seminarios e congresos con tal fin.

Así mesmo faise constar que, segundo o artigo 26.2 a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non son de aplicación neste convenio os principios de publicidade e concorrência pública, pola especificidade das actividades levadas a cabo, así como a natureza específica da entidade.


6.- A actividade financiarase co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2016 e na cantidade de DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00€).

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2016

A secretaria xeral técnica



Beatriz Guiña Barja



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 9 de maio de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

